



Expediente núm.: 63/2022

Procedemento: Aprobación da Oferta de Emprego Público extraordinaria para un proceso de estabilización do emprego temporal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº / 2023

En relación coa convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Nº 294, de 26 de decembro do 2022, no que se da conta da aprobación das bases que, ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, rexerán a provisión das seguintes prazas:

1.- Polo sistema de concurso, unha praza de Enxeñeiro Técnico Forestal; unha praza de Auxiliar de Axuda no Fogar e Limpadora (quenda completa) e una praza de Auxiliar de Axuda no Fogar (media quenda).

Visto o Decreto de Alcaldía de 6 de marzo de 2023, onde se publica a relación definitiva de admitidos e excluídos ao referido proceso selectivo

En uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, e en cumprimento do estipulado no artigo 5 das bases reguladoras e no artigo 60 do TREBEP

RESOLVO

PRIMEIRO. Nomear, como compoñentes do tribunal de selección, aos que se relaciona no que segue:

- Presidente; D<sup>a</sup> Carmen Gómez Otero, Secretaria do Concello de Negueira de Muñiz (Lugo), sendo suplente de esta D. Froilán Pallín Seco, Secretario do Concello de A Pontenova (Lugo).
- Secretaria: D<sup>a</sup> Nuria Lagüela Felpeto, Traballadora social do Concello de Xermade (Lugo), sendo suplente de esta D. Simón Castro Gavín, Técnico en Administración financeira do Concello de A Pontenova (Lugo).
- Vogal: D. Raúl García Martínez, Técnico de Medio Ambiente do Concello de A Fonsagrada (Lugo), sendo suplente de este D<sup>a</sup>. Eva Paz Bermúdez, Traballadora social do Concello de Vilalba (Lugo)
- Vogal: D. Manuel Marey Pérez, Dr. Enxeñeiro de Montes e Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela (Lugo), sendo suplente de este D<sup>a</sup>. Carolina Isabel Fernández Lago, Secretaria do Concello de Folgoso do Courel (Lugo).
- Vogal: D. Martín Barrasa Rioja, Dr. Enxenheiro Agrónomo e Profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela, sendo suplente de este D<sup>a</sup>. Laura García Delantero, Axente de emprego e Desenvolvemento local do Concello de A Pontenova (Lugo).

SEGUNDO. Convocar aos membros do tribunal para o día 30 de marzo de 2023 ás 10:30 horas, na Sala de Xuntas do Concello de Negueira de Muñiz, onde se realizará a pertinente valoración de méritos



TERCEIRO. Publicar o contido desta Resolución na sede electrónica do Concello de Negueira de Muñiz ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)), con expresa indicación do réxime de recursos, de conformidade co indicado nas bases de selección, a saber:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina en Negueira, na data da firma electrónica reflectida ao marxe, D. José Manuel Braña Pereda, Alcalde-presidente, do que eu, Carmen Gómez Otero, Secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde-presidente

José Manuel Braña Pereda

A Secretaria-interventora

Carmen Gómez Otero

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

